




|   |                           |  |
|---|---------------------------|--|
| Área / Unidade<br>CEMENTERIOS MA2400<br>GBA   | Documento<br>7411AI038J   | Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/9719/2026<br>27/05/2026 |
| Código de verificación<br><br>303E 206H 061B 3K5K 11FW | Expediente<br>741/2026/77 |  |
|   | Fecha<br>25-05-2026       |  |

**ASUNTO:** DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

## **RESOLUCIÓN**

Á vista do informe proposta co código 7411AI0367 de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 22.05.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** DECLARAR a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 214, departamento 3º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Consuelo Candela Villahan e Sergio Victoriano Candela Roquer polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 30 de novembro de 1997; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

**SEGUNDO:** INSCRIBIR a nome do Concello da Coruña o nicho sinalado co número 214, departamento 3º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro.

**Os restos existentes na instalación funeraria serán trasladados ao osario municipal, consonte ao establecido no artigo 21.2 g) do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feans-Mesoiro, se vostede non solicita a exhumación no prazo de 15 días naturais a contar a partir da notificación da presente resolución.**

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández  
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)